

Sección de historia

# Manuel Pardo de Andrade

## Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)



REAL ACADEMIA GALEGA

# Manuel Pardo de Andrade
# Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)

Edita: Real Academia Galega

Editor: Henrique Monteagudo

Presentación: Xesús Alonso Montero

Estudos introdutorios: María Rosa Saurin de la Iglesia
e Henrique Monteagudo

ISBN: 978-84-87987-90-8
Depósito Legal: OU 214-2013

© Henrique Monteagudo
María Rosa Saurin de la Iglesia
(estudos introdutorios)

© Real Academia Galega, 2013

A Real Academia Galega agradece a colaboración do Concello de Oleiros na publicación desta edición, así como o apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura.

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

Impresión:
RODI Artes Gráficas
Telf. 988 220 790
Rúa Seixalbo, 12
32005 OURENSE
www.rodi-graf.com

Sección de Historia

# Manuel Pardo de Andrade

## *Rogos dun galego establecido en Londres*
## *Os servís e os liberás*
## Soneto ao autor de *Os servís e os liberás*
## *Romance á volta de Fernando VII*

**(Edición: Henrique Monteagudo)**

REAL ACADEMIA GALEGA

# Índice

Prólogo .......... 7
**Xesús Alonso Montero**

Palabras preliminares .......... 11
**Ángel García Seoane**

Semblanza de Manuel Pardo de Andrade .......... 13
**María Rosa Saurin de la Iglesia**

Os *Rogos dun Galego* e a obra en galego
de Manuel Pardo de Andrade .......... 19
**Henrique Monteagudo**

I *Rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados aos seus paysanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector* .......... 27

II *Os servís e os liberás, ou sexa, Os odinotes e os constitucionás. / Los serviles y liberales. Romance en gallego y castellano.* .......... 41

III *Soneto "al autor del romance en gallego titulado Os servis e os liberás"* .......... 54

IV *Romance [Un gallego transportado de júbilo con la venida del Rey constitucional...]* .......... 55

# Prólogo

## A sátira antiinquisitorial de Pardo de Andrade, douscentos anos despois (1813-2013)

Hai algún tempo que a Real Academia Galega quería homenaxear a Manuel Pardo de Andrade (1860-1832), quizais o príncipe dos periodistas galegos. O noso compañeiro Víctor F. Freixanes trazou un interesante retrato intelectual de quen foi, na prensa galega e non galega da época, un activista da causa liberal, activismo pródigo en páxinas contra o absolutismo, contra as actitudes fanáticas e contra os meigallos de tantos e tantos prexuízos. Para Freixanes a vida de Pardo de Andrade é, asemade, "unha biografía romántica". O ousado escritor tamén afiou a espada da súa pluma en verso e en prosa, contra os abusos e algúns usos da Igrexa Católica. Sabido é que era clérigo; por conseguinte, as súas xenreiras, as súas diatribas anticlericais, foron escritas desde dentro, nos intramuros da Igrexa. Aínda así, morreu, por liberal, no exilio (París, 1832).

O Clero tradicional detestaba os seus escritos, non sempre imputables a el, que en moitas ocasións utilizou pseudónimos difíciles de identificar (León de Parma, Pardo de Yas, Josef de Sada...). Tamén o detestaban os sectores non eclesiásticos que hoxe denominariamos a dereita do país. Era, ó seu xeito, un ilustrado, e así nolo presenta, nun libro maxistral, de 1991, María Rosa Saurin de la Iglesia, a súa máxima estudosa.

Para a nosa Academia teñen especial importancia os textos en galego de Pardo de Andrade, que non son moitos pero bastantes naquelas datas aínda lonxe do Rexurdimento. Deles, o máis relevante, é o titulado *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados ós seus paisanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que verá o curioso lector.* Así se titula a primeira edición, impresa na Coruña, no ano 1813, na Casa Tipográfica del Diario. Aparece como anónima, se ben axiña os letraferidos máis expertos sospeitaron que o autor era Manuel Pardo de Andrade.

Sospeitaban ben. As edicións seguintes, que foron varias, tamén se publicaron como anónimas. Cumpría andar con cautela cando alguén predicaba a abolición da Inquisición, termo, por certo, que, por prudencia, non figura no título da primeira edición aínda que si nalgunha posterior. A cuberta da edición de 1841 contén este eficaz e valente título: *Rogos dun escolar gallego á Virxe do Bo Acerto pra que libre á terra da Inquisición.* Debemos lembrar que no tardofranquismo Xosé M.ª Álvarez Blázquez tivo que titular a súa edición (preparada por Xulián Maure) *¡Máscara fóra!* Publicouse na editorial Castrelos, de Vigo, na colección O Moucho no ano 1971. A comezos do XIX o folleto de Pardo de Andrade foi lido en cidades e vilas de Galicia e tamén en moitas aldeas. No acontecer literario galego haberá que chegar ó *Catecismo do labrego*, de 1889, para atopármonos cun éxito editorial semellante.

Hai douscentos anos que este panfleto se publicou por primeira vez, e neste bicentenario a Academia tributará ó seu autor a homenaxe debida. A nosa institución ten programadas tres mesas redondas en lugares acaídos coa biografía ou a bibliografía do escritor: na Coruña, na sede da Academia, o 5 de novembro (Xosé R. Fernández Barreiro, María Rosa Saurin de la Iglesia, Gonzalo Navaza); en Santiago, na Facultade de Ciencias da Comunicación, o 12 dese mes (Margarita Ledo Andión, Víctor F. Freixanes, Andrés Torres Queiruga), e en Oleiros, no auditorio A Fábrica, o 21 do mesmo mes (Rosario Álvarez Blanco, Henrique Monteagudo, Xesús Alonso Montero). Repárese nestas tres circunstancias. A Coruña imprimiu a primeira edición d'*Os rogos*; á condición de comunicador e propagandista de Pardo de Andrade acáelle a Facultade versada no feito comunicativo, e o berce do escritor (o lugar de Xaz, en Oleiros) esixe unha sesión na súa terra natal. Nesta sesión, o noso anfitrión, don Ángel García Seoane, alcalde de Oleiros, lerá un texto "ad hoc".

A Academia ideou e realizou unha publicación que se ofrecerá gratuitamente ás persoas asistentes a estes encontros. Dalgún xeito, a Academia quere emular, *mutatis mutandis*, o espírito popular das primeiras edicións dos *Rogos.* O responsable da publicación é o profesor Henrique Monteagudo, quen ofrece, dos *Rogos*, unha edición para lectores alleos a certas peculiaridades lingüísticas e gráficas do texto de 1813. O profesor Monteagudo, autor dunha didáctica introdución, tamén nos ofrece os outros textos galegos de Pardo de Andrade, ademais do facsímile da edición dos *Rogos* de 1841 feita sobre o exemplar que se garda na nosa Academia, un raro da bibliografía galega. A Academia manifesta a súa gratitude ó Concello de Oleiros, que asumiu os gastos da impresión do presente opúsculo. Manifestamos dun xeito especial o noso

agradecemento a don Ángel García Seoane, alcalde do Concello, que non aforrou atencións e facilidades para a celebración da terceira das mesas redondas.

Temos a impresión de que os *Rogos* aínda non foron examinados pola crítica coa debida amplitude e fondura, polo menos en certos aspectos, nomeadamente no literario. Cómpre ler este texto como un romance de cego e, dentro deste xénero ou subxénero, situalo e valoralo para percibirmos os logros literarios e a eficacia satírica de estrofas como estas:

Bótalle logo a gadoupa
como fai coa pomba o azor,
perde a fala o coitadiño
e lévano á Inquisición.
Tórcenlle os brazos, as pernas
e os dedos; e inda despois
méteníle entre uñas e carne
de cana aguda punzóns.
Máscara fora! Non é
santo, nin xusto, nin bo;
é unha invención dos reinantes
para oprimir a nación.

Hai versos, como os dous últimos, que non deberían esquecer os historiadores interesados na condición política do Santo Oficio, o "monstruo de la Inquisición", como proclamaba un himno de 1819.

Pensamos que, cando se recollan en volume (que editará a Academia) as conferencias dos tres encontros, o singular panfleto de Pardo de Andrade será lido con outra perspectiva: será un texto máis rico.

Xesús Alonso Montero
*Presidente da Real Academia Galega*

É para nós unha honra que a Real Academia Galega decida homenaxear a Manuel Pardo de Andrade, oleirense de sona cunha importante obra periodística e poética e unha das plumas que con máis vigor denunciou despotismos e abusos na súa época.

O Concello que presido persegue entre outros obxectivos a defensa e promoción da lingua galega e divulgar a figura de autores que a través da súa obra destacaron pola súa loita por uns valores cos que coincidimos, razón pola que nos sentimos moi orgullosos desta pequena achega e de ter a posibilidade de cooperar cunha institución cultural do prestixio da Real Academia Galega.

Ángel García Seoane
*Alcalde de Oleiros*

# Semblanza de Manuel Pardo de Andrade

*María Rosa Saurin de la Iglesia*

Deixádeme encetar lembrando os inicios da miña profesión universitaria en Italia porque foi alí cando, noviña *Lettrice di Lingua Spagnola* en Ancona, descubrín que outro galego ensinara na mesma cidade dous séculos antes. Del sabía eu o que todos saben -que escribira contra a Inquisición- ademais de ter lido *La Herculana*, raridade conservada por Antonio de la Iglesia. Pouca cousa, pero chegou para puxar a miña curiosidade. A forza de desenguedellar os fíos que de alí pendían, co pasar do tempo e de moitas pescudas descubrín pouco a pouco a ricaz personalidade do noso paisano, máis coñecido de nome que de feito na súa terra.

Manuel Pardo de Andrade, nado no pazo de Xaz o 21 de novembro de 1760, era o quinto fillo do fidalgo do lugar, e -tras o vinculeiro, tras outro irmán na Armada- o costume do tempo constrinxiuno á carreira eclesiástica. Rapacete de quince anos aínda non cumpridos profesou no colexio agostiño da Coruña, Orde de gran prestixio espiritual e cultural da que recibiu os mellores dons da modernidade. Tres anos de estudos en Salamanca abríronlle os ollos sobre aquela vocación imposta, polo que decidiu viaxar a Roma en procura da secularización. Atopámolo así no 1782 na casa nai, o espléndido convento romano de San Agostiño, recuncho de exquisitez no mesmo corazón da urbe, pouco despois en Perusa, e logo como profesor de Humanidades no colexio da súa Orde de Ancona, cidade adriática de rara semellanza coa Coruña. Coa práctica pedagóxica emparellaba xa daquela o culto das letras, como testemuña a traxicomedia *La conversione di Sant'Agostino*, peza neoclásica típica do "teatro de colexio". Nomeado profesor de Lóxica no colexio di Finale Emilia e cando a carreira académica lle sorría xa, desbota aquel mundo para retornar cos seus, na casa coruñesa do irmán morgado.

Na Coruña faise apreciar axiña de amigos e forasteiros polas súas experiencias de vida e polo seu *engagement*. Jovellanos recomendábao como "poeta y desvalido",

e coa sona de "poet and philosopher" coñeceuno Robert Southey en 1793 cando visitou a cidade, notando a luminosidade da expresión e o desarranxo das roupas: perfecta instantánea do *savant à la page* abstraído das lilainas cotiás. Outros datos que axudan a tracexar o retrato material que non temos hainos dabondo, dende o aspecto ("Soy de justa estatura y bien dispuesto / el peso de la carne no me abruma / … para decir y hacer me basta un rato") ata a peculiaridade da fala ("Yo nací en una aldea de Galicia de nombre hasta ahora no impreso, y sino busque Ud. en los diccionarios Jaz, por ver si lo encuentra"); "arrogante", chufábase da súa sabenza, non collida polos pelos senón en Salamanca e Roma; dono das tres linguas da cultura -latín, francés, italiano- ademais da nacional (sen contar o galego, que daquela non tiña carta de natureza); cosmopolita, "hijo de sus obras", "emprendedor, acostumbrado a superar y allanar dificultades", "genio alegre por naturaleza" con desacougos hipocondríacos que escorrentaba escribindo. Moratín definiuno "el afluente Pardo de Andrade". Todos eses aspectos e aínda máis manifestounos decote nos seis anos de colaboración co *Diario de Madrid*, ó expor a súa bagaxe de ideas e sentimentos para o público do xornal máis lido da Península. Creación poética e divulgación en prosa, tradución, ensaio e polémicas de moito arruallo sempre envoltas nunha "cucharadita de miel coplera" achegaron paseniño os lectores á inmensa problemática da modernidade. Xa fora co gallo da decadencia española ou da renovación literaria, da defensa da muller, da industria ou das modas, a verdade do *philosophe* proponse alí como cume de progreso nunha educación de urxencia de fonda raigaña ilustrada. Argallaba en 1798 crear un xornal en Galicia que inzase as particularidades do país -*El Curioso Herculino*-, proxecto que sen chegar a callar albiscaba a descuberta da comunidade de orixe como forza cohesiva de primeira magnitude, como se vía xa en Francia: pero non trascaburremos supoñendo anceios anacrónicos aló onde o cidadán do mundo arelaba só o rexurdir material dun país esganado polo seu arcaísmo. Así declaraba: "Ninguno habrá más indiferente que yo cuando se trata de naciones: soy del país de la neutralidad, hijo de mis obras y habitante del globo".

Secularizado en 1792, obtivo no 1797 unha praza de capelán castrense no rexemento de Guadalaxara co que percorreu media España ó longo de once anos, sen traizoar xamais as letras. Achábase retirado en Galicia por motivos de saúde cando a invasión francesa puxo en perigo a súa vida no incendio e saqueo do pazo de Xaz. No verán de 1808 ofrecíase ás autoridades como guieiro dos seus paisanos no *Diario de La Coruña* para crear unha opinión pública leal á nova lexitimidade. Naquela hora

dramática de total desfeita, esvaecido calquera soño de paz universal, el que, como boa parte do estamento superior, abraiara non había moito polo "mozo venturoso" fautor dunha nova idade de ouro para Europa, tripa as conviccións expresas en 1802 nos *Cantos de la paz* e, diante do terror e o estrago que non distinguen entre señores e pailáns, inza ó armamento xeral do pobo para salvar a patria. Foi logo redactor único e omnisciente do *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña* (1809-1810), que co seu formato setecentista -tan lonxe do que hoxe se entende por xornalismo– lle permitiu debullar o seu pensamento de reformador social. Velaí unha vez máis a débeda da cultura cos papeis periódicos.

Se espertar o espírito público contra o invasor fora a primeira tarefa do escritor, os fondos cambios anunciados pola reunión de Cortes anchearon o seu horizonte, e nas *Reflexiones sobre la mejor constitución posible de España*, imprentadas na Coruña no 1811, proba a madureza do seu ideario político cando máis urxía facer un bloque compacto dos adictos ás reformas. Ese mesmo ano, degaxado o perigo francés, como as reformas radicais que se aveciñaban tiñan moitos adversarios, dirixe o *Boletín Patriótico*, apadriñado desde Cádiz, coa misión de "refutar la multitud de ideas torcidas y subversivas que contra los artículos de la Constitución se publican en varios folletos del Reino": el é que dende a mesma Xunta Superior de Galicia os adversarios do proceso constituínte freaban de mil maneiras o desenvolvemento da situación. En troques, o dinamismo da Coruña secunda as reformas de Cádiz e leva ó cumio a loita ideolóxica con *El Ciudadano por la Constitución* (1812-1814), que terma das novas leis explicando a orde máis xusta que traerían á sociedade. No equipo redactor -refuxiados e personaxes da cultura local- participa Pardo con artigos doutrinais e polémicos, asinados ou con pseudónimo, e arroutadas didácticas en verso, serias ou festivas. As letras fanse así inzadoiro da mensaxe política para garantir a asimilación do programa ideolóxico a todos os niveis e con varios rexistros. E xa que actividades como espallar octavillas na rúa ou festexar nela a abolición señorial aconsellaban acadar o publico iletrado co uso poético do galego, velaí xurdir os versos d'*O Tangueiro* identificador de *liberás* e *servís*, e mais os do *Escolar establecido en Londres* cantor das falcatrúas da Inquisición ó xeito dos cegos. No cume do debate lexislativo sobre a *Santa*, estes romances levaron ás rúas e ós eidos a loita ideolóxica. Para os máis lidos, en troques, o escritor anunciaba un fato de comedias representadas no teatro da Coruña, e mais un folleto en castelán sobre as falcatrúas do absolutista bispo de Ourense: rexeitando o autoritarismo tradicional, o escritor percorre nel toda a

problemática da orde e da liberdade para dar espazo á reflexión sobre a secularización da política e ós anacronismos dominantes en Galicia. E anacrónica foi, por certo, a excomuñón chovida sobre el, coma se de dogmas de fe e non de cuestións civís se tratase. Todo no comportamento de Pardo vai tinguido do didactismo ilustrado máis enxebre, da crenza na conexión do poeta coa sociedade e do seu ascendente sobre ela.

En 1813 participa na Xunta Censoria de Galicia, nun intre de crecente conflitividade no que a liberdade de expresión viña sendo conculcada arreo polos absolutistas. Malia a moderación da Xunta na súa laboura, a sona de xacobinos e francmasóns dos seus membros fixo deles albo preferido do adversario e, á volta do *Deseado*, reos de morte. Máis procatado que algúns compañeiros, Pardo sálvase fuxindo no monte e un mes despois nun navío inglés chega a Londres. De alí a París, onde ten noticia da súa condena á forca, previa degradación militar. Nos seis anos seguintes vémolo termar dos atrancos do desterro a forza de enxeño e débedas, conspirando decote, axexado pola policía francesa, sen desbotar xamais as letras. Colabora no *Español Constitucional*, imprentado en Londres mensualmente (1818-1820) e aberto ó público americano, derradeira esperanza dos ideais tripados en España. Alí, a carón doutros poetas prudentemente agochados no anonimato, radicaliza expresión e contido das súas composicións, brincando do popularismo á grandilocuencia, da incitación ó rexicidio ata a louvanza do xeneral San Martín.

Co triunfo do constitucionalismo retorna a España con muller, unha filla (outra vaille nacer en Dorneda aquel outono) e mais un feixe de poesías que da ó prelo decontado. En 1820 atópase en Madrid na procura do recoñecemento dos seus méritos e aproveita para reeditar alí un romance de 1814, *Os servís e os liberás*, agora con tradución ó castelán. Ó longo do Trienio reacende no *Diario Constitucional de La Coruña* o empeño tronzado en 1814, xunto con outros "liberás" da vella garda que vían na *Tertulia Patriótica* unha escola de civismo para os fillos do pobo. A desaparición dos escritos desta época non fai doado saber a súa reacción diante da irrupción popular na escena política; coma outros liberais da primeira hora, quizais desalentou diante do oportunismo que na cidade facía das asociacións políticas sociedades de seguros mutuos mentres no agro rexurdían os donos de sempre. Cedo se viron agoiros puntualmente cumpridos: rendíase A Coruña ós franceses cando, fuxindo de novo, Pardo chega a Inglaterra agora con dúas meniñas de pouco tempo. Con elas pasou dous longos anos "vagando por reynos extraños" –Inglaterra, Bélxica, Alemaña- antes de poder tornar a París no 1825, onde sobreviviu traducindo libros de

medicina e obras literarias que, segundo a policía, lle proporcionaban "assez d'argent". Non sería moito, pois as continuas mudanzas a barrios modestos son máis ben sinal de angurias económicas, confirmadas coa solicitude dunha pensión ó Ministerio. Cando, na exaltación popular do 1830, os refuxiados políticos españois na xuntanza do Teatro de Inverno tentan reorganizarse, Pardo de Andrade está aínda entre eles, sempre afouto. Despois, silencio: os derradeiros anos do desterrado pasaron ó abeiro da familia, quizais o mellor logro que xamais tivera. A morte petoulle á porta no maio de 1832, na vaga de cólera que asolagaba Europa, finando así a súa trasfegada existencia.

Infamado en vida pola audacia do seu pensamento, esquecido de morto na súa terra, benvida sexa esta primeira ocasión -¡ó cabo de dous séculos!- de recoñecer o talento de quen profetizara para España dereitos civís, escola, fartura e plena dignidade. Se para espelir a mensaxe de progreso e liberdade da Ilustración escolleu a canle dos xornais, nós non debemos esquecer o resto da súa obra, espléndido pano de fondo que fai lucir mellor o retrato dun auténtico *philosophe*.

# OS ROGOS DUN GALEGO E A OBRA EN GALEGO DE MANUEL PARDO DE ANDRADE

*Henrique Monteagudo*

*Secretario da Real Academia Galega*

Fai exactamente douscentos anos, nos primeiros meses de 1813, viña a lume un folleto anónimo titulado *Rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados aos seus paysanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*. O folleto contiña un alegato en verso galego reclamando a supresión do Tribunal do Santo Oficio, tamén coñecido como Santa Inquisición. A difusión deste manifesto foi amplísima, como testemuña o feito de que nos chegasen noticia de non menos de cinco edicións aparecidas no mesmo ano, unha na Coruña[1], dúas en Santiago de Compostela[2], outra máis en Cádiz[3] e finalmente outra en Madrid[4]. Nas décadas seguintes aparecerían aínda varias máis. Unha divulgación tan ampla (mesmo fóra de Galicia) parece chocar co feito, non menos extraordinario, de que o texto estivese composto en galego, idioma daquela totalmente desusado na escrita e aínda máis na imprenta. Ambos os fenómenos só son explicables no contexto intensamente polémico en que aquel panfleto saía do prelo, nuns momentos en que os sectores modernizadores da sociedade turraban por abrir camiño ás grandes transformacións que anunciaban un novo tempo histórico (a idade contemporánea), en pugna virulenta –e non raramente violenta– coas forzas partidarias da perpetuación do Antigo Réxime.

Como é sabido, o factor desencadeante daqueles cambios foi a reacción popular ante a imposición no trono de España de José I Bonaparte, irmán de Napoleón, unha imposición que contaba coa complicidade pasiva da familia real española pero que viña apoiada nas baionetas do exército francés. O levantamento armado

1 Impresa "en la Caxa tipográfica del Diario", "á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitucion". Referirémonos a ela nas notas ao texto coa abreviatura *C*.

2 Estampadas na "Oficina de [D. Manuel Antonio] Rey", unha delas "Gratis por Sinforiano Lopez". Nas notas, referirémonos a estas como S.

3 No *Diario Mercantil de Cádiz*, nº 129.

4 Imprenta de la Compañía, por su Regente Juan José Sigüenza y Vera. Abreviaremos a referencia a esta coa inicial *M*.

contra o 'invasor' daría lugar á que sería coñecida como 'guerra da independencia', na que a participación activa do pobo resultou decisiva. Naquela conxuntura, as mobilizacións de masas fan unha entrada tumultuosa na historia española, gañando un protagonismo que raramente tiveran e que se mantería, con fluxos e refluxos, nas décadas seguintes. Endebén, unha vez rematada a guerra coa expulsión das tropas de Napoleón e a restauración da dinastía borbónica en Fernando VII, pasaron a primeiro plano as acesas controversias entre absolutistas e liberais, centradas nun primeiro momento arredor da redacción da Constitución de Cádiz (promulgada en 1812 e derrogada dous anos máis tarde) e inmediatamente despois, en 1813-14, no carácter constitucional ou absoluto da monarquía restaurada.

A Constitución de 1812, unha das máis avanzadas da Europa da época, establecía, entre outras importantes novidades, a soberanía da *Nación*, vocábulo este invocado reiteradamente no texto dos *Rogos*; un termo que, dotado dun novo significado que o asociaba coa vontade xeral da cidadanía, adquiriu carácter emblemático e comezou a ser visto como revolucionario. Coa soberanía da nación viñan a monarquía constitucional, as eleccións parlamentarias (mediante o sufraxio masculino), a abolición dos señoríos e as liberdades de pensamento, credo, opinión e imprenta. Un dos asuntos máis debatidos nas Cortes de Cádiz foi a supresión do Tribunal da Inquisición, finalmente decretada o 5 de xaneiro de 1813, aínda que o Santo Oficio sería restaurado ao pouco de Fernando VII recuperar o trono, o 1 de xullo de 1814.

O combate contra a Inquisición foi un dos obxectivos máis afincadamente perseguidos polos librepensadores, mesmo que se declarasen católicos, pois eran conscientes do papel que este tribunal estaba a xogar na supresión das liberdades e na salvagarda do poder absoluto do monarca, da vella orde social e dos privilexios do clero. Exemplo de todo isto fornéceo a *Apología de la Inquisición* (1810), de Manuel Freyre de Castrillón, un dos polemistas máis vitriólicos e acérrimos do Antigo Réxime en Galicia, que foi colaborador e oficial (incluso secretario) do Tribunal do Santo Oficio, así mesmo autor dunha obra *Contra la libertad de imprenta*. Pola contra, Manuel Pardo de Andrade loitou decididamente pola abolición da Inquisición, asunto ao que lle dedicara, incluso antes da publicación dos *Rogos dun galego,* o escrito *El pueblo gallego no hizo ningún esfuerzo para el restablecimiento del tribunal de la Inquisición* (A Coruña, 1812), un e o outro anónimos. O primeiro, para despistar

sobre a autoría verdadeira ou por simple divertimento literario, vai atribuído no mesmo título a un suposto estudante galego que residía en Londres. Se este era un panfleto que tiña como obxectivo persuadir a xente do común, o outro era unha obra de maior calado destinada ás xentes con máis formación. Outro liberal galego que salientou na loita pola supresión da Inquisición foi Sinfoniano López Alía, que sufragou non só a reedición compostelá dos *Rogos* senón tamén a súa ditribución gratuíta por correo e morrería aforcado na Coruña en abril de 1815, por decisión das novas autoridades absolutistas.

Os *Rogos* foron prohibidos polo arcebispo de Santiago o 29 de maio de 1813, pola Inquisición española en 1815 (despois da súa reinstauración) e pola Inquisición de Galicia en 1817. Téñense exhumado dous informes inquisitoriais de 1814 que conteñen xuízos sobre a nosa obra[5]. Nun deles, asinado polo devandito Manuel Freyre, afírmase: na Coruña "se imprimió con la mayor profusión el obsceno e impío papel titulado *Rogos de un gallego*, que se derramó gratis a la mano y por el correo de aquella ciudad y en esta en casa de Sinfoniano [López], y un coronel Sánchez bien conocido salía a los caminos a leérselo a los paisanos". Esta última información é ben interesante, pois apunta á difusión oral da obra, mediante a lectura en voz alta para un público iletrado. O xornal tradicionalista *Los guerrilleros* (maio de 1813) publicou unha feroz diatriba contra a obra que pode servir de exemplo da visceralidade da reacción contra esta obriña. A recensión concluía deste xeito:

> "El libelo es impío, es obsceno, es denigrativo en sumo grado del carácter sacerdotal, es depresivo de la autoridad sagrada de la Iglesia, fautor de los hereges, infamatorio de las órdenes religiosas y en extremo escandaloso; y por lo mismo, y sin otra declaración, queda comprehendido en el índice expurgatorio, y sujeto con su autor a los anatemas o censuras de la iglesia, y por consiguiente será respectivamente comprehendidos en ellas quantos leyeren tan impío folleto… Creedme que incurrís en un crimen enorme si tales papeles leéis. Ved quanto va de un liberal a un servil, de un lobo a una oveja, de un águila a un asno".

Precisamente, as alusións contidas na frase con que remata ese artigo atoparon un eco no romance *Os servís e os liberás*, publicado, coma os *Rogos*, en folleto, pero

5 Agradecemos vivamente ao prezado amigo e admirado colega Alejando Alonso Nogueira que nos permitise consultar e citar o seu traballo aínda inédito, que aparecerá proximamente no *Boletín da Real Academia Galega.*

agora baixo o pseudónimo 'O Tangueiro'. O pé de imprenta deste folleto reza: Coruña, Antonio Rodríguez, 12 de marzo de 1814. No xornal coruñés *El Ciudadano por la Constitución* do 17 do mesmo mes anunciábase así: "Romance en gallego *Os servís e os liberás* […] Su contenido es bastante chistoso, y explica las dos palabras de *serviles* y *liberales*; es un cuaderno de 16 páginas en 8º, su precio un real de vellón; se vende en el despacho de *El Ciudadano por la Constitución*". Este romance está ostensiblemente dirixido ao pobo miúdo, tentando explicar as razóns (sempre desde o punto de vista liberal), da pugna entre os liberais e os absolutistas (o *servís*). En definitiva, trátase dunha peza de propaganda política, de propósito didáctico e ton francamente polémico a favor do liberalismo e en contra do absolutismo.

O mesmo Manuel Pardo de Andrade é probablemente o autor dun soneto "al autor del romance en gallego titulado *Os servis e os liberás*", publicado o 31 de marzo de 1814 coa sinatura *A.* no xornal coruñés *El Ciudadano por la Constitución*. A composición vai precedida da seguinte nota: "Señor editor: en *El Ciudadano* de 17 de marzo anunció vmd. la venta de un romance en gallego titulado *Os servis e os liberás* que he comprado y leido. Como nacido en la provincia observé las erratas de imprenta que en él se notan, y son: [*sinala algunhas grallas no texto do folleto*]. El poco uso que se hace de este idioma en la imprenta hace disimulables estas ligeras faltas, que su autor no llevará a mal advierta mientras las gracias y facilidad con que versifica me mueven á hacerle en el mismo idioma un elogio en el siguiente Soneto."

A diferenza dos *Rogos*, que lle foron atribuídos inmediatamente a Manuel Pardo de Andrade e que gozaron dun inmediato espallamento popular, semella que este romance debeu de ter menos difusión e permanecer como de autor descoñecido. En todo caso, volveu ser imprentado en Madrid, Imprenta de Vega y Compañía, 1820; ano en que, ao remate dun seu exilio que comezara en 1814, Pardo de Andrade regresa a España. Esta segunda edición vai acompañada dunha tradución libre do romance ao castelán, feita polo seu autor, que ofrecemos en paralelo co texto da primeira edición en galego.

Pardo de Andrade era asiduo colaborador do xornal *El Ciudadano por la Constitución*, atrás amentado, un dos principais voceiros do liberalismo na Coruña e Galicia. O título da cabeceira do xornal é toda unha definición ideolóxica. Nas súas páxinas viría a lume o 23 de abril de 1814 un terceiro romance en galego do noso autor. A peza celebraba o regreso de Fernando VII a España. Desde 1808,

este estivera retido con toda a familia real española en Francia, onde fora obrigado por Napoleón a abdicar do trono a favor de José I, popularmente alcumado como *Pepe Botella*. Ao remate da guerra antinapoleónica, en marzo de 1814, Fernando VII foi liberado e regresou a España. As Cortes de Cádiz víñano recoñecendo como único herdeiro lexítimo do trono español; con todo, o 2 de febrero de 1814 ditaron un decreto que estipulaba: "non se recoñecerá por libre o Rei, nin por tanto se lle prestará obediencia, ata que no seo do Congreso nacional preste o xuramento prescrito [de lealdade á] Constitución". Tratábase, xa que logo, non de restaurar a vella monarquía absoluta, senón de instaurar unha monarquía constitucional. Precisamente, a exaltación de Fernando VII en tanto que soberano constitucional é o motivo principal da composición de Pardo de Andrade.

Porén, os acontecementos transcorrerían por outros derroteiros: o 17 de abril, o xeneral Elío, instado polos servís, puxo as súas tropas ao dispor do monarca e convidouno a restablecer o absolutismo. O 4 de maio de 1814, Fernando VII promulgou un decreto que restablecía a monarquía absoluta e declaraba nula e sen efecto toda a obra das Cortes de Cádiz. Fernando VII pasaba de ser *O Desexado* a ser *O Felón*. Pardo de Andrade, perseguido, tivo que fugarse e refuxiarse no exilio ata 1820.

Entrementres, á calor das intensas mobilizacións populares e dos acesos debates entre absolutistas e liberais, espreita o que máis tarde será denominada 'a opinión pública', que vai tomando forma a través de numerosas (e ás veces efémeras) publicacións periódicas –entre elas, os primeiros xornais galegos– e de variados panfletos, libelos e todo tipo de obras literarias, desde tratados académicos ou ensaios ata pezas de teatro. Foi nese contexto que o galego tomou o seu primeiro pulo como lingua escrita, ou, para sermos máis exactos, como lingua impresa. Porén, o seu emprego nestas composicións e a súa difusión a través da prensa e dos folletos estivo ditado basicamente por razóns pragmáticas: a eficacia da comunicación e o seu poder persuasivo. Tratábase de chegar dun xeito directo e comprensible ao pobo, unanimemente galegofalante e na súa maior parte analfabeto (os textos eran declamados en voz alta ante audiencias máis ou menos numerosas, como pon de manifesto o informe inquisitorial que citamos antes), máis que de reivindicar a dignidade cultural do idioma ou o seu carácter emblemático como símbolo dunha identidade diferencial galega. Isto non lles resta valor nin como ensaios primeirizos de cultivo do galego escrito nin como testemuños da lingua e da consciencia idiomática do seu tempo.

Pardo de Andrade foi un protagonista nos devanditos aspectos: salientou como un dos máis importantes propagandistas da novas ideas liberais en Galicia, un dos promotores máis sobranceiros da prensa periódica galega (especialmente na cidade da Coruña) e un dos máis madrugadores cultivadores do galego escrito e publicado. De feito, en todas as obriñas que incluímos no presente impreso, o autor pon a proba a súa eficacia didáctica e o seu pulo polémico, botando man dun estilo combativo moi directo, envorcado nun rexistro idiomático enérxico e expresivo, accesible sen dificultade para o pobo miúdo ao que aquelas ían dirixidas. A fórmula xenérica escollida, o romance en coplas, adopta a fasquía das composicións que espallaban os cegos polas feiras, as rúas e as corredoiras. Foi así que os *Rogos* gozaron dunha amplísima difusión no seu tempo, ata o punto de converterse no primeiro suceso editorial das letras en galego.

No presente folleto ofrecemos por primeira vez reunidos os devanditos textos, que constitúen o groso da obra en galego do seu autor, nunha edición sen máis pretensións cás divulgativas. Cotexamos as edicións de 1813 da Coruña (*C*), Santiago (*S*) e Madrid (*M*). Modernizamos e normalizamos a lingua sempre que a nosa intervención non alterase a métrica nin a rima dos versos. Isto obrigounos a manter algúns castelanismos (como *Dios, reyes, leyes, sólo*), dialectalismos (como *dou* por *deu*) e vacilacións (como a alternancia entre variantes do tipo *verdade* / *verdá* / *verdad*). As notas son puramente aclaratorias de determinadas palabras ou expresións ou ben de referencias históricas.

Para o seu estudo filolóxico o erudito deberá consultar o precioso facsímile da sétima edición dos *Rogos* que ofrecemos acompañando este folleto (cuxo orixinal se custodia na biblioteca da RAG) e mais os dous volumes da obra *Papés d'emprenta condenada* (Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2008), xurdia colectánea que, sen dar un texto propiamente crítico, permite achegarse ao da primeira edición e das sucesivas, e, por tanto foinos de grande utilidade para o establecemento dos noso propio texto. Especialmente proveitosa foi a xenerosa colaboración de Alejandro Alonso Nogueira, que nos facilitou a consulta das súas notas, que proximamente virán a lume no *Boletín da Real Academia Galega*. En definitiva, coa presente achega agardamos contribuír a un mellor e máis amplo coñecemento da obra galega de Pardo de Andrade e un máis xusto recoñecemento da súa apaixonante figura e da súa sobranceira contribución ao cultivo do noso idioma e á modernización do noso país.

## OBRA EN GALEGO DE MANUEL PARDO DE ANDRADE[6]

1797. "Máis garrida que a rosa no seu leyto", soneto publicado baixo o pseudónimo León de Parma no *Diario de Madrid*.

1813. *Rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados aos seus paysanos para abrirlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*, anónimo.

1814. "Aos coruñeses, dun labrador liberal", breve artigo asinado por *O labrador liberal,* aparecido no xornal coruñés *El ciudadano por la Constitución*.

1814. *Os servís e os liberás*, romance publicado en folleto baixo o pseudónimo *O Tangueiro*; novamente editado como anónimo con versión ao castelán do mesmo autor en 1820.

1814. Soneto ao autor do romance *Os servís e os liberás*, asinado por A. en *El ciudadano por la Constitución*.

1814. Romance pola volta de Fernando VII, publicado anonimamente en *El ciudadano por la Constitución*.

6 Véxase *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*, 2 vols. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2008.

# I
# ROGOS DUN GALEGO ESTABLECIDO EN LONDRES
## DEDICADOS AOS SEUS PAISANOS PARA ABRIRLLES OS OLLOS SOBRE CERTAS IGNORANCIAS, E O DEMAIS QUE VERÁ O CURIOSO LECTOR

Rogos dun escolar á Virxe do Bo Acerto
para que libre a terra da Inquisición

*Non omnis caro eadem caro, sed alia caro hominum, alia volucrum, alia piscium*[1].

Paxaros, peixes e homes
de distinta casta son:
aqueles cómense asados,
pero os racionales non.

Miña Virxe, vós que sodes
madre de consolación,
librádenos dos nubeiros[2]
da maldita Inquisición.

Da Inquisición, que de medo,
de espías e de visións
encheu a terra, e de loito
cubriu a casa de Dios.

Librádenos, Virxe Santa,
pois que sempre o pecador
achou na vosa bondade,
Madre, amparo e protección.

Dádelles, pois, bo acerto
aos homes bos que xuntou
a España para formar
a súa lexislación[3].

1 "Non omnis caro eadem caro, sed alia caro hominum, alia pecorum, alia caro volucrum, alia autem piscium", da primeira Carta de San Paulo aos Corintios, 15:39. A tradución literal é: "Non toda carne é igual a outra carne, senón que unha é a carne dos homes, outra a das reses, outra é a carne das aves e outra a dos peixes". Unha paráfrase libre en verso dáse no mesmo texto.

2 Os *nubeiro*s son seres fantásticos, "especie de trasnos ou espíritos malignos, aos que a mitoloxía galega atribúe o poder de producir a tempestade e dirixir os raios" (Eladio Rodríguez).

3 Referencia aos deputados reunidos nas Cortes de Cádiz para redactar a primeira constitución da historia de España

Cristo morreu por salvarnos,
e mente como un ladrón
o tramoieiro que diga
que o voso fillo a fundou[4].

Dios fixo para os ruíns
o Inferno, e o Ceo criou
para os bos: isto é verdade,
o demais é unha invención.

O mundo en arrendamento
pola vida Dios nos dou
para gañar coas obras
a Gloria ou a perdición.

Os pecados desta vida
serán na outra de Dios
castigados; pois Dios sólo
ten esta xurisdición.

Para absolvernos de culpas
Cristo a san Pedro lla dou,
non para poñer no espeto
os homes como capóns[5].

Os demos son os ministros
que o noso Dios destinou
para quentar as caldeiras
nas cavernas de Plutón[6].

Vaian pois a cociñar
ao Inferno aqueles que son
tostadores, que alí poden
ter praza de marmitóns.

Cristo na cruz... miña xoia!
brinda e chama ao pecador
cos brazos abertos, mentres
o persegue a Inquisición.

Non é o home burel gordo,
que con tundilo é mellor;
os homes múdaos o tempo,
e convénceos a razón[7].

É a lei de Xesús Cristo
lei de caridade e amor,
debemos aconsellarnos,
mais non facermos traizón[8].

4 Enténdase: "mente quen diga que Cristo (fillo de Deus) fundou a Inquisición".
5 Soamente Deus ten xurisdición para xulgar os pecados, e outorgoulle a San Pedro a de absolvernos deles.
6 Deus destinou os demos a servir como ministros nas caldeiras no inferno. *M* e *S* dan aquí a lectura correcta "caldeiras de Prutón", noutras edicións como *C* lese por erro "de Praton", que non dá sentido. Plutón é o deus do inframundo na mitoloxía romana.
7 *Burel* é un pano ordinario, groso e áspero, habitualmente de la. *Tundir* é igualar o pelo dos panos recortándoo cunha tesoira, pero tamén significa brear, mallar, darlle unha tunda a alguén.
8 *Facermos:* entendemos que o *facernos* que se le nas edicións do texto está pola forma do infinitivo conxugado, que é o que dá sentido

Vivamos ben, e teñamos
do próximo compaixón,
que Dios é aquel que ilumina
e que move os corazóns.

A xente vive na lei
que heredou de seus avós:
o mouro a súa e o galego
xulga que a súa é mellor[9].

Demos pois, xa que nacemos
no seo da relixión
verdadeira, moitas grazas
a Cristo Noso Señor.

O herexe tan sólo ofende
a Dios, a nosoutros non.
¿por que logo lle quitamos
a Dios a xurisdición?

Chamuscar os homes vivos
en este mundo! meu Dios!
Ai que xudiada! Non pode
inventarse outra peor.

Se os xudeus nos queimaran,
inda pase, porque Dios
mándanos que perdoemos
os que nos fagan traizón.

¿Pero que nós os queimemos,
e eles a nosoutros non?
Inda somos máis xudeus
que os mesmos xudeus son.

O voso fillo bendito
no que fixo e predicou
ensinounos o camiño
da paz e da salvación.

Quer que todos nos amemos
e imitemos o candor
dos paxariños, non quer
ruindades nin opresións.

Aos xilgariños garridos,
as aves doutra color
non lles fan mal: as rapinas
símbolo do deño son[10].

Os marrocos e os ingleses
non teñen Inquisición
con ser herexes e mouros:
¿E debemos tela nós?

Alá sólo entre indios bravos
(xente que o sol da razón
non alumou todavía)
quéimanse por devoción.

9 Cada un xulga a súa propia lei como a mellor, tanto o mouro coma o galego.
10 As aves respéctanse mutuamente, as de rapina son símbolo do deño.

Mais, según rezan os libros,
os seus sacerdotes son
uns notorios tramoieiros
e ladróns de profesión.

A igrexa de Xesús Cristo
é a casa da salvación;
non é templo de xentís,
nin é cova de ladróns.

Purificádea, Señora,
tocando no corazón
dos españoles que coidan
da lei e da relixión.

Volo rogo: moi de veras
é feita a miña oración!
Ao chamado *Santo Oficio*
quitarlle a máscara vou.

## O SANTO OFICIO SEN CARANTOÑA

O Demo para tentar
no deserto ao Salvador,
púxose a máscara e quixo
enganar ao mesmo Dios.

Pois así, baixo pretexto
de piedade e relixión
o Oficio dos tostadores
'Santo Oficio' se chamou.

A máscara é pois o 'Santo',
o 'Oficio' é facer carbón
dos homes, que son imaxe
do grande Dios que os criou.

Chamouse 'Santo', dicindo
que era santo e que era bo
purgar a igrexa co fogo
da pravidade e do error[11].

Mais como Dios reservase
facer a separación
no outro mundo e non en este,
toda a cristiandá tembrou[12].

Pero, como van as leyes
aonde quere o señor
rei que nos manda, tivemos
que aguantar a Inquisición.

11 *Pravidade:* perversidade, depravación. É voz característica do vocabulario inquisitorial: na linguaxe desta, por caso, un Auto de Fe era un "Glorioso Triunfo de la Fe contra la herética pravedad".

12 *Facer a separación:* separar os bos dos malos.

Hoxe, que a sorte trocouse,
e dá leyes a nación,
podémoslle ver a cara
ao tribunal do terror[13].

Veremos a pravidade,
as fantasmas, as visións;
que aquel bribón de Luceiro
fixo sobre ascuas carbón[14].

Máscara fóra! Vexamos
os feitos e as invencións
do chamado Santo Oficio
polos nosos bisavós.

Meigas, feitizos e bruxas
que persegue a Inquisición,
sen máscara, socaliñas
de cregos e frades son[15].

Chámanlles bruxas ás vellas
por ter cara de cartón;
pero soamente hai meigas
en onde hai Inquisición.

As femias da nosa especie
de certa constitución
fan visaxes e son tolas,
pero feiticeiras non[16].

E se as hai, que diga Inguanzo,
Cañedo e o outro Burrol,
onde hai unha, a fin que embruxe
ao perverso Napoleón[17].

O feitizo está nos ollos
dunha nena de Padrón:
as nenas tamén feitizan
aos cregos da Inquisición.

Garridiñas, nos cheguedes
aos que manexan tizóns,
que a estopa cabe do fogo
évos unha tentación.

As feas non teñan medo,
pois que, sendo feas, son
parentas do Santo Oficio
traído en comparación.

13 Alusión a que rematou o absolutismo monárquico,
14 *Luceiro:* referencia ao demo.
15 *Socaliñas:* Ardís, enganos.
16 *Fan visaxes:* fan carantoñas, xestos co rostro.
17 Referencia a deputados reaccionarios das Cortes de Cádiz: Pedro Inguanzo y Rivero (1764-1836) foi un cóengo asturiano tradicionalista; Alonso Cañedo Vigil (1760-1829), sacerdote, foi deputado nesas Cortes, que chegou a presidir, e un dos pais da Constitución de 1812; Burrol debe ser Francisco J. Borrull y Villanova (1745-1837), deputado valenciano realista e antiliberal.

Coa máscara, xa se ve,
parece un santo varón:
pero sen ela parece
o mesmo Demo maior.

E inda contan que unha vez
que a un espello se mirou
o Demo dixo: "é máis fea
do que eu son, a Inquisición".

Ela mora nunha casa
en onde, contra razón
e xustiza aos homes privan
da vida e do mesmo Dios.

Alí faise un tribunal
aonde un xudas traidor
vai vender a seus irmáns
con capa de relixión.

Tres corvos ou nigromantes,
cunhas caras de Neróns
son os xuíces que compoñen
o tribunal do terror.

Cuberta de pano mouro
está toda ao rededor
a gran sala de xustiza,
que vela causa pavor.

Unhas candeas marelas
co seu pálido fulgor
fan ver do color da cera
as caras dos tres dragóns.

Un santo Cristo bendito
metido entre eles ¡meu Dios!
está como no calvario
metidiño entre ladróns.

Sobre un tapiz dunha mesa,
máis louro do que é o carbón
hai procesos e un tinteiro
feito de corno de boi.

As plumas son as máis negras
que o fero voitre criou,
pois que non moran os cisnes
onde vai tanta calor.

Aonde xiren os ollos
non achan máis que terror;
pois sólo para aterrar
a inventou a maldición.

Alí nunca o sol aluma,
porque onde está a razón
desterrada, o sol non entra
nin a claridá de Dios.

Con ela moran os deños,
suposto na Inquisición
mora a pravidade, as meigas
e tamén o inquisidor.

Nos seus libros de rexistro
está escrita a perdición
e a infamia do que alí fore
acusado dun traidor.

O marido está na cama
coa muller que Dios lle dou,
e o solteiro no seu leito
alleo dunha traizón.

E aló pola media noite
despois que o galo cantou
un gran bando de bexatos[18]
rodéalle a habitación.

Tocan á porta e dicindo
“o Santo Oficio!” o temblor
entra na xente, que deixa
franca a entrada e a posesión.

Cando vén Dios vén coa paz;
coa falsidade e traizón
o Santo Oficio: ¿e diremos
que é santo e cousa de Dios?

A min san Pedro me leve
que nunca con máis valor
francés matara que a un
esbirro da Inquisición[19] .

Pois nin francés nin xudeu
nin o mesmo Napoleón
é capaz de dar o susto
que causa un inquisidor.

Entra o alguacil larpeiro
coa máscara de santón
e ao pobre que está no leito
faino suar coa calor.

Trae a vieira por diante,
máscara de devoción,
móstralla e o pobre inocente
pensa que é cousa de Dios[20].

Bótalle logo a gadoupa
como fai coa pomba o azor,
perde a fala o coitadiño
e lévano á Inquisición.

Padre, irmán, muller nin fillo
desde que o corvo o levou
non volven a saber del
nin se está ruín ou está bo.

Védelo, que xa o presentan
en aquel sitio de horror
onde lle tremen as carnes
co medo do asador.

Logo, os xuíces sen nomarlle
o pícaro que o acusou
nin descubrirlle os testigos
que gañar puido un traidor

18 *Bexatos:* miñatos, cernícalos, aves de rapina.
19 *Matara:* ‘mataría’, aínda preferiría matar un esbirro da Inquisición ca un dos odiados soldado de Napoleón.
20 A vieira, emblema tradicional da peregrinación a Santiago, foi adoptado como símbolo pola Santa Inquisición en Galicia.

collen na man un proceso
e trabucando a expresión,
fanlle cargos e preguntas
sobre o que fixo e falou.

O home vólvese tolo,
pérdese a imaxinación
e tense por gran milagre
descubrir o acusador.

Con esta máscara infame
piden a declaración,
como se houbera xustiza
onde hai engano e traizón.

Se nega, máis que a verdade
diga, sobre dun pontón
átano, e danlle tormentos
que dicilos causa horror.

Tórcenlle os brazos, as pernas
e os dedos; e inda despois
métenlle entre uñas e carne
de cana aguda punzóns.

Se é muller quéimanlle os peitos
e non contentos, despois
aplícanlle un ferro ardendo
nas partes que Dios lle dou.

(Non xulguedes que sexa esta
faladoría e invención;
pois que o escribe Pignatelli[21]
nas súas institucións.)

Ata tres veces lles daban
tormentos, se confesión
non facían do delito
que puido ser ben traizón.

Se negan, morren; se falan
non alcanzan o perdón,
como os das mangas azules
digan: “pertinaces son”.

¿E o tribunal que isto fai
non se chamara mellor
o tribunal de Pilatos
que non Santa Inquisición?

Alí faise neste mundo
baixo do nome de Dios,
o que fai Luzbel no inferno
onde non hai redención.

Pero aínda non dixen todo,
falta dicir o mellor,
que é que un santo bispo sexa
da tortura espectador.

21 *Pignatelli*: debe referirse ao canonista Giacomo Pignatelli (1625-1698).

Un bispo, que anque queira,
non lle dan xurisdición
para librar do tormento
ao que está posto en cuestión.

Da sentenza que eles deren
non se admite apelación,
que a ninguén está suxeito
o deño do inquisidor.

Máscara fora, nubeiros!
Estas e outras moitas son
as virtudes dos señores
ministros da Inquisición.

As carnes tremen de oír
o que en tres séculos de error
fixeron na nosa España,
os da seita do tizón.

Santos obispos e homes
de virtude e de opinión
foron presos e estiveron
expostos a ser carbón.

Dígao o señor Talavera,
Ávila, e o bo Palafox,
Carranza e outros prelados
dignos de veneración[22].

O que de frades e cregos
calquera cousa falou,
foi cal porco chamuscado
no fogo da Inquisición.

O que do rei e dos seus
privados, como Godoy,
falou calquera verdade,
na Inquisición as pagou.

Os homes que habilidade
tiñan porque Dios lla dou,
por meigos ou por herexes
a Inquisición os queimou.

As vellas ¡miñas coitadas!
se dixo alguén que as topou
con un cacho vello ao lume,
facían delas carbón.

Finxen que falan co demo,
que en figura de cabrón
vén a velas, e que van
de romaxe en procesión.

Soben pola gramalleira,
e voan, dándose a unción
de certa badulacada
que tenebreiro fraguou.

22 Cítanse casos célebres de persecución inquisitorial de grandes prelados, como Hernando Talavera (1428-1507), que foi o primeiro arcebispo de Granada, se opuxo á creación da Inquisición e foi perseguido por esta, ou Jaime de Palafox y Cardona (1642 – 1701), arcebispo de Sevilla.

Contan que en Sevilla hai xunta
por san Xoán e outras visións:
embelecos e mentiras
que a Inquisición inventou.

Os feitizos é unha viña
para os cregos: e así son
tantas as enfeitizadas
que un deño alá non quedou.

As nenas que non se casan
cando lles chega a sazón,
arden coas ganas, e teñen
un certo retortixón.

Logo dicen que é feitizo;
e que unha bruxa lles dou
o deño, que é solo esprito
en leite, torta ou rixóns.

Ponlles a man pola igrexa
o crego, mais anque é bo,
non ten efecto a menciña,
cando o remedio é o varón.

En tanto, cos seus conxuros,
de ovos, carneiros, lacóns,
enchen os cregos a casa,
de meigas a Inquisición[23].

Tamén dicen que hai mal de ollo
e que o remedio mellor
é un corno: farto cornudo
é o que sofre a Inquisición!

Esta cos seus feitos ten
na máis cativa opresión
os reinos, vilas e terras
de toda a nosa nación.

Deixou a España sen xente,
pois que de trinta millóns
que tiña quedaron dez,
e logo quedarían dous.

Por temor dela non viñan
á nosa terra os que son
nas outras sabios artistas
e fan cousas de primor.

Foi no tempo de Sabela
que un tortilleiro a fundou
para a nosa escravitude,
perda e mingua da nación.

A reina non a quería,
nin o seu bo confesor;
pero o rei a mais o frade
nas Castillas a fundou.

23 *Conxuros*: nas edicións, *conxaros*, supoñemos que por gralla. O sentido é: o crego imponlles a man ás mulleres, mais iso non é remedio; iso si, entrementres, os cregos con estes conxuros enchen a casa de ovos, carneiros e lacóns, ao tempo que enchen de meigas a Inquisición.

Mais que nunca acá viñera
o señor rei de Aragón,
que a nosa reina Sabela
tiña mellor intención[24].

Había de vir agora
o frade coa súa invención
da herética pravidade,
do segredo e dos tizóns!

Que as vellas co zoscadoiro,
e os homes cos azadóns
xa lle darían o pago
de fundar a Inquisición[25].

A igrexa de Dios a todos
co bautismo e a confesión
abre o ceo, o Santo Oficio
condúceos á perdición.

Máscara fora! Non é
santo, nin xusto, nin bo;
é unha invención dos reinantes
para oprimir a nación.

Os frades e moitos cregos
predican a seu favor,
pero por moito que digan
non cremos que é de Dios.

Nin pensen que enganarán
as xentes na confesión,
chamándoa artigo de fe,
e herexes aos homes bos.

Sabemos os mandamentos,
e sabemos ben que Dios
quer que se arrepinta e viva
o que é fráxil pecador.

É de fe que Xesús Cristo
por salvar os homes dou
a vida, e que nada fixo
para a nosa perdición.

É de fe que ha de xulgarnos
e que aos bos en galardón
ha de dar o ceo, e aos outros
eterna condenación.

É de fe que se chegamos
contritos á confesión
Dios nos perdoa os pecados
por medio da absolución.

É de fe que Dios non quer
senón os bos corazóns,
boas obras; mais non quer
hipócritas nin ficcións.

24 *Tortilleiro*: frade dominico, en vocábulo despectivo. Foi un dominico sevillano, Alonso de Hojeda, o que convenceu a raíña Isabel 'La Católica' de crear o Santo Oficio, contra a oposición do antes citado Hernando Talavera, arcebispo de Granada e el mesmo xudeu converso. A súa extensión ao reino de Aragón foi iniciativa do esposa desta, o rei Fernando, incluso contra o criterio do Papa.

25 *Zoscadoiro*: instrumento para traballar o liño, ou ben vara grande para raspar o forno.

Pero que Dios neste mundo
fundase unha inquisición
para queimar homes vivos,
non é de fe, é un error!

E o crego e o frade que o diga
é máis herexe que foi
Arrio, Socino, Lutero
e Filipe Melantón.

As leis inxustas e feras
que a tiranía inventou,
non as queremos, nin menos
queremos a Inquisición.

O que non fore cristiano,
como non more entre nós,
que more onde quixere;
mais matar, que o mate Dios.

Prediquen os nosos cregos
un Dios de bondade e amor,
e déannos bo exemplo,
que é o mellor predicador.

Os frades sigan a regra
do seu santo fundador,
e deixen a quen goberna
os estados e as nacións.

Na igrexa de Xesús Cristo
debe haber sempre boa unión,
e o que semear a discordia
é fillo da maldición.

Sexan pois os sacerdotes
exemplar de submisión
ás leyes que en noso ben
dá o Congreso da nación.

Se así o fan, irá ben todo,
pero doutro modo non;
pois non queremos que os cregos
traten máis que o que é de Dios.

Se non lles houberan dado
riquezas, xurisdición,
eles serían mellores
e máis feliz a nación.

Este pobo orfo e valente
a liberdade gañou,
non pode haber liberdade
en onde hai Inquisición.

Tampouco pode dicirse
que se observa a lei de Dios
onde non se fai xustiza
con claridade e razón.

Págueas aquel que as fixere;
mais sexa coa condición
que non morra un inocente
a forza dunha traizón.

Non son verdugos dos homes
os sacerdotes de Dios,
nin menos son nosos reyes
para mandar sobre nós.

Son pastores das ovellas,
que Cristo lles entregou:
coiden delas como deben,
e déixense de cuestións.

Máscara fora! E vivamos
na crenza e relixión
en que por máis de mil anos,
viviron nosos avós.

Eles foron bos cristianos
non habendo Inquisición,
tamén sen ela podemos
ser cristianos e ser bos.

Mudouse o tempo e fundouse
aquela, e o que gañou
a cristiandade foi sólo
perder o antigo esplendor.

Ea pois, fóra, nubeiros
da Igrexa do Redentor!
Que non se queiman os homes
como carne de castrón!

Ídevos e non fagades
que a nosa moderación
dos males que tendes feitos
vos pida satisfacción.

Por vós a España perdida
sen xente, forza e vigor
foi presa dos seus tiranos
e befa doutras nacións.

Por vós deixaron a terra
homes sabidos que Dios
nos dou e puideran solos
facer feliz a nación.

Por máis de trescentos anos
con capa de devoción
perseguíchedes as ciencias,
a liberdade e a razón.

Postos de acordo cos reyes,
non foi, non, a relixión
o voso obxecto: foi sólo
o despotismo e a opresión.

Por vós nunha crúa guerra
co pérfido Napoleón
metidos, temos chegado
aos bordes da perdición.

Vosoutros, cando Madrid
no maio se levantou,
dixéchedes ser rebelde
nunha vosa exortación[26].

26 O Santo Oficio condenara a sublevación popular contra o rei José I Bonaparte e as tropas francesas que o apoiaban, o cal foi un argumento decisivo para que as Cortes de Cádiz acordasen a súa supresión.

¿E queriades aínda
enganar máis a nación?
Máscara fora, embusteiros,
ao monte a facer carbón!

Nomade, nomade cregos
por deputados, que nós
vos faremos coñecer
cal é a vosa obrigación.

Vosoutros mesmos trazades,
querendo xurisdición
sobre o pobo, que vos fagan
vivir con conta e razón.

Podedes estar seguros
que non hai no pobo español
un home sólo que queira
ter os cregos por mandóns.

Na igrexa vos escoitamos,
mais fóra da igrexa non,
pois as causas deste mundo
non son feitas para vós.

Pois que sen máscara estades,
e vos coñece a nación,
podedes mudar oficio
ou irvos lonxe de nós.

Porque se vós porfiades
tostadores, asador,
casa, potros e rexistros
e canto nela encerrou

a perfidia, será logo
do fogo con que queimou
os homes, cinza; pois xa
o voso imperio acabou.

# II
# Os servís e os liberás, ou sexa, Os odinotes e os constitucionás. Por O Tangueiro[1]

Palurdos que vos vestides
como eu, de saio de la,
polainas, zocos, monteira,
e un bo baloco[2] na man,
labradores que regades
coa vosa suor o chan,
mentres á sombra sosega
repantigado o abad,
homes de artes[3] que gañades
con moita fatiga o pan
que a traizón comen nas vilas
ruando mil folgazáns.
Escóitademe e direivos
vocablos que a novidá
meteu na terra, despois
que a xente pode falar[4].

# Los serviles y liberales. Romance en gallego y castellano

Palurdos que gastáis sayo
como yo, de lana parda,
polainas, zuecos, montera
y buen garrote por arma,
labradores, cuya frente
en sudor la tierra baña
para que el señor abad
repose entre plumas blandas,
artesanos que ganáis
el pan con fatigas tantas,
y holgazanes palaciegos
de vuestras manos lo arrancan,
escucharme, porque quiero
deciros cuatro palabras,
ya que el decir la verdad
no es un delito en España.

1 Precede o texto un antetítulo que anuncia o xénero literario ao que se adscribe: “Romance en galego”. O pseudónimo empregado por Manuel Pardo de Andrade, “O Tangueiro”, debe facer referencia a un personaxe do imaxinario popular galego, figurado nun monigote que se sacaba á rúa en determinadas festas. O texto volveu ser publicado en Madrid, Imprenta de Vega y Compañía, 1820; ano este en que, pondo fin ao seu exilio que comezara en 1814, Pardo de Andrade regresa a España. Esta segunda edición vai acompañada dunha tradución libre do romance ao castelán, feita polo seu autor, que ofrecemos en paralelo co texto da primeira edición en galego.

2 *Baloco:* pau ou caxato groso, que adoitaban usar os mozos rústicos cando saían de xolda (Marcial Valladares, *Diccionario Gallego-Castellano*).

3 *Homes de artes:* artesáns, persoas que exercen oficios manuais.

4 Isto é, des que existe a liberdade de opinión e imprenta.

Este tempo comezou
na era da liberdade
(coitado do home que antes
quixese falar verdades!).
Duques, condes e marqueses,
obispos, curas, e frades
eran os donos da terra
e os señores dos lugares.
Nosoutros ¡mal pecadiños!
nas nosas necesidás
morriamos como porcos
e tiñamos que calar.

Mandaban o Reino todo
e gobernaron tan mal,
que o francés veu e levou
o Rei á cautividá.
Chamaron ao pobre entonces,
porque sólo en casos tas[5]
se acordan del; finalmente
recobrouse a liberdade.
Pero, se fixo o milagre
a nación foi porque en Cádiz
as Cortes que nós nomamos
meteron na cousa a man.

Eran homes de canteira[6]
moitos deles, anque os máis
ignorábanse na terra
por falta de autoridá.
Como destros coñeceron
de onde proviña o mal
e aplicaron a menciña

Bien sabéis que en otro tiempo
si algún pobrete chistaba
ya tenía pan seguro
en Melilla y la Carraca.
Del conde, duque, marqués,
obispo o fraile la raza,
era de España señora,
y nos echaba la albarda,
y nosotros, infelices,
en calamidad tan larga,
moríamos como cerdos,
y hasta el habla nos negaban.

Ellos mandaban el Reino,
pero con tal mala maña
que viene el francés y al Rey
de nuestras manos arranca.
Llaman entonces al pobre,
pues sólo en estas desgracias
se acuerdan de él: se recobra
la libertad deseada.
Pero hízose aquel milagro
porque en Cádiz se reparan
las ruinas del edificio
por los padres de la patria.

Hombres sesudos los más
eran, pero se ignoraba
su existencia en unos tiempos
en que el saber era infamia.
Como diestros conocían
de nuestros males la causa,
y aplicaron el remedio

5 *Tas:* variante dialectal de 'taes', plural antigo de *tal*.
6 *Homes de canteira:* homes de valor (Marcial Valladares, *Diccionario Gallego-Castellano*, 1884).

da lei constitucional.
O pobo, todo abatido,
coas leises da liberdá
cobrou alento, e guerreou
para podelas gozar.

Fóronse os *lidós* a Francia[7],
falándolles por detrás
ingleses e portugueses,
galegos e casteláns.
Moitos quedaron na dorma
para non espertar máis[8];
outros de mellores pernas
escapáronnos das mans.
Malas novas vaian deles!
ben nos puideron librar
de tanto bribón que queda
agachado por acá.

A xente cando os veu fóra
pensou de quedar en paz,
e que a nova lei sería
da terra a felicidá.
Mais o deño que non dorme
solta o gando do curral,
e comezan a turrarse
*os servís e os liberais*.
Vede aquí novos vocablos
que vos quixera explicar,
para que non trabuquedes
a mentira coa verdade.
Pero se o meu crego sabe
esta obra de caridá,

de una Constitución sabia.
El pueblo, antes abatido,
viendo la ley que proclama
su libertad, la lid sigue
para poder disfrutarla.

Marcháronse los franceses,
corriendo a su retaguardia
la juventud de Inglaterra
de Portugal y de España.
Muchos por acá dejaron
sus huesos en esta danza,
otros, de mejores piernas,
por el Pirineo escapan.
¡Vayan al diablo! ¡Ojala
que consigo se llevaran
tanto bribón como queda
escondido por acá!

La gente, viendo al francés
dejar libres nuestras casas,
esperó de la ley nueva
paz, fortuna y abundancia.
Mas el diablo, que no duerme,
una de las suyas trama;
*serviles* y *liberales*
empiezan a armar la zambra.
Tales voces yo quisiera
dároslas bien explicadas,
para que no confundáis
la verdad con las patrañas.
Pero si algún fraile escucha
estas sencillas palabras,

7 *Lidós:* franceses, a xulgar pola tradución do mesmo autor.
8 Quedaron durmidos para sempre, isto é, morreron.

aposto que me excomunga...
Conta, pois, con non falar!

Homes hai entre nosoutros
que dicen ter cristiandá
e rabian ao ver que a lei
nos quitou de ser viláns.
Quixeran que o labrador
sempre coa pucha na man
respectase como a dioses
o escribán, o xuíz e o abade,
que sufrise fames bravas,
prontos a quitarlle o gran,
ovos, polas, e inda os fillos
despois que os puido criar.
Non quixeran que tivese
ciencia nin autoridad,
para poder bourar nel
como en besta de alugar.
Non curan de que ao soldado
que a terra defender vai
lle falte abrigo e sustento,
sempre que eles teñan pan.
Como pasen boa vida
o conde, o xuíz, o abade
e o cóengo, os demais
morran de necesidade.
Uns traballan e non comen
e os outros, sen traballar,
regálanse como reises
coa suor dos seus irmáns.

Non faltaron homes bos
aló na xunta de Cádiz
que vendo o mal que sufrimos

apuesto a que me excomulga...
¡Con que, no decirles nada!

Hombres hay entre nosotros
que por muy cristianos pasan,
y rabian, porque la ley
nuestros derechos iguala.
Quisieran que el labrador
fuese una bestia de carga,
y que al abad, juez o escriba,
como a Dioses respetara,
que sufriesen buenas hambres,
y arrebatar de su granja
pollas, pavos, huevos, queso
y el hijo a quien dio crianza.
Quieren se mantenga siempre
abatido en la ignorancia
para recetar sobre él
tributos, palos y cargas.
No cuidan de que al soldado
que va a defender la patria
le falte abrigo y sustento
como ellos llenen la panza.
Frailes, canónigos, condes,
si en sus mesas nada falta,
que el mundo entero perezca,
no les importa una blanca.
Unos trabajan y ayunan,
y otros en perfecta holganza
con los sudores de aquellos
como reyes se regalan.

No faltaron hombres buenos
en Cádiz que adivinaran
el mal, y con justo celo

trataron de o remediar.
Para que todos vivisen
era xusto e natural
non quitarlle ao pobre o seu,
e manter ao militar.
Xusto era tamén ao pobre
que gañou a liberdade,
quitalo da escravitude
en que o tiñan os sultáns.

E foi por eso que as Cortes
acordaron declarar
que os homes non eran servos
de ningún particular.
Quitaron pois os trabucos
do censo dominical
e as loitosas[9], tiranía
a máis bárbara e fatal.
Déronlle por lei aos pobos
facultades de nomar
alcaldes que os gobernasen
con xustiza e con verdade.
Tamén quitaron da terra
aquel negro Tribunal
onde co nome de Dios
facían tanta maldá[10].
Alí, á sombra do segredo
o que nos quixese mal
vingarse de nós podía
ata facernos queimar.

de poner remedio tratan.
Para que todos viviesen
era una cosa arreglada,
no quitar el pan al pobre,
dar al soldado su paga,
y la libertad prudente
al que empuñando las armas
destruyó la servidumbre
de los sultanes de marras.

Por eso las sabias Cortes
en favor del pobre mandan
no haya siervos ni vasallos
de castas privilegiadas.
De señoriles derechos
rompen las infames trabas,
y la feudal tiranía
con sus decretos se espanta.
Dan facultad a los pueblos
de nombrar con libre y franca
voz a sus propios alcaldes,
que justicia administraran.
También quitaron del mundo
el Tribunal que con capa
de religión cometía
mil robos, muertes y estafas.
Allí, en medio del secreto,
el que arruinar intentaba
a su próximo, podía
tostarle vivo en las llamas.

9 *Trabucos do censo dominical:* impostos ou cargas tributarias que pagaban os vasalos ao señor dun dominio ou feudo. Loitosa: un tributo que había que pagar á morte dun familiar. Institución característica do feudalismo, en Galicia obrigaba aos vasalos a entregar ao señor a súa mellor cabeza de gando; se non había reses, podía suplirse cunha mesa, unha arca ou calquera moble de catro patas. A institución máis favorecida por esta carga tributaria, que constituía unha das cargas máis penosas do labrego, era a igrexa.

10 Refírese, obviamente, a Tribunal do Santo Oficio ou Inquisición, denunciado nos *Rogos*.

Nunha palabra: volveron
a xustiza e a verdade
á terra, que, orfa, xemía
baixo o mando dos sultáns,
e vendo que eran da patria
graves as necesidás,
ata das dietas deixaron
moitos deles a metá.
Entre estes tamén había
cregos de gran cristiandade,
cabaleiros -pois non todos
foxen de ver as verdades.
A xente que destes homes
veu a xenerosidade
honrounos como debía
co nome de *liberás*.
Son pois liberais aqueles
que se distinguiron máis
no amor do pobo, e trataron
da común felicidá.

Outros houbo que non foron
deste modo de pensar,
opoñéndose a que o pobo
gozase de liberdade.
Dixeron que era de España
o Rei señor natural,
que eran seus servos os pobos
que el sólo debía mandar,
que os grandes e obispos eran
os señores do lugar,
e que debemos pagarlles
a vasalaxe feudal.
Louvaron a Inquisición,

En fin, nos restituyeron
la justicia y verdad santa
que los antiguos mandones
de la tierra desterraran,
y viendo que eran tan grandes
las urgencias de la patria,
hasta de sus pobres dietas
muchos la mitad dejaban.
Entre estos también había
clérigos de tan cristiana
vida, como caballeros,
que de la verdad gustaban.
La gente que de estos hombres
ve la conducta acendrada
y generosa, los honra
y *liberales* los llama.
Son, pues, dichos liberales
los que con mayor constancia
al bien común dirigieron
sus acciones y palabras.

Pero señorones hubo
que de otro modo pensaban,
oponiéndose a que el pueblo
su libertad recobrara.
Dijeron que en nuestra tierra
el señor natural manda;
que este era el Rey, y los pueblos
mayorazgo de su casa.
Que a los obispos y grandes
ser señores les tocaba,
y a los demás ser vasallos
y hombres de poca importancia.
La Inquisición aplaudieron,

como se a lei da verdade,
igualmente que a mentira
da forza necesitase.
Querían pois, que a loitosa,
a casa moura[11] e demais
abusos de antes quedasen,
sen facer máis novidade.
Por querer ao pobo servo
chamaron *servís* aos tas;
e vedes ben claramente
que o nome non lles vén mal.
Cando, pois, alguén nas Cortes
propoñía de quitar
as cargas que sofre o pobo,
tíñano por liberal.

Así chamaron tamén
a aqueles que a liberdade
sostiveron de escribir
as cousas de utilidade.
Esta puxo en descuberto,
e mostrou con claridá
verdades que non puideron
antes os homes falar.
Viron entonces perdida
a súa antiga autoridade
os *servís*, e comezou
a guerra cos *liberás*.

Vede aquí destes vocablos,
que tanto dan que falar,
a orixe, e vede tamén
porque se levan tan mal.

como si la ley de gracia,
semejante a la mentira,
de fuerza necesitara.
Querían, pues, que los feudos,
derechos de pesca y caza,
luctuosas y martiniegas,
en pie como antes quedaran.
Querían al pueblo siervo,
por esto *serviles* llaman
a estos tales, y ya veis,
que el nombre muy bien les cuadra.
Cuando alguno proponía
en las Cortes que las cargas
se aliviasen a los pueblos,
*liberal* le apellidaban.

Así también se llamaron
los que pusieron en planta
la libertad de la imprenta,
que es terror de la ignorancia.
Esta puso en descubierto
y mostró muy a las claras
verdades que entre tinieblas
estuvieron sepultadas.
Vieron entonces perdida
su autoridad usurpada
los serviles, y a los otros
Sangrienta guerra declaran.

Aquí tenéis el origen
de estas dos voces que tantas
disputas nos ocasionan,
y guerras de pluma causan.

11 *Casa moura:* tributo que non damos documentado. A tradución castelá ofrece 'martiniegas', que eran os tributos que había que pagar polo día de San Martiño, isto é, polo 11 de novembro.

Escriben uns contra os outros:
papeis vén e papeis van:
A xente leos e rise,
pero inda pode chorar[12].
Pois así como as mulleres
da lingua pasan ás mans
poden da guerra de pluma
a paus de morte pasar.

Se non foran os da bulla
nosos parentes e irmáns
e españoles como nós,
que se fosen a escardar![13]
Que o que ten a lingua aguda
-como dice aquel refrán-
debe ter dura a costela
para podelos levar.
Mais toda a canalla é unha,
pero a razón non é igual:
uns queren o ben do pobo
outros o seu e non máis.

Se á xente de roupa negra
de estameña e de saial[14],
e aos da curia preguntades
o que son os *liberás*,
diranvos que son xudeus,
herexes e luteráns,
francmasóns e xacobinos
e outras moitas cousas máis[15].

Van y vienen papelotes,
ríense de esta algazara
algunos ¡pero cuidado!
que quizá podrán llorarla.
Porque como las mujeres
del pico a las manos pasan,
quizá detrás de la pluma
vendrá a decidir la espada.

Si hermanos nuestros no fueran
Los que arman esta jarana,
Si no fueran españoles,
¡Que marchasen noramala!
Que quien tiene lengua aguda,
(como en un refrán se canta)
tenga duras las costillas,
por si las zurra una tranca.
Mas toda esa gente es una,
aunque es distinta su causa:
unos por el bien del pueblo,
otros por el de su panza.

Si a gente de ropa negra,
o de cenicientas faldas,
o a los curiales preguntan
¿qué gente es la *liberala*?,
dirán que es raza judía
herética, luterana,
francmasones, jacobinos
y otras lindas zarandajas.

12 Na edición deste texto de 1820, inclúese unha nota: "La profecía en 1814 se verificó en 1820".
13 Que fosen rañala! Que nos deixasen tranquilos!
14 *Xente de estameña e de saial:* os frades, monxas e cregos. A *estameña e o saial* eran tecidos bastos: a primeira era empregada para hábitos, 'saial' era tamén denominado un hábito feito dese tecido.
15 *Francmasóns:* masóns, individuos asociados á masonería, rede de asociacións secretas de ideoloxía racionalista que combatían contra o absolutismo.

Mas se logo preguntades
"¿Que cousas son as que fan
e que artigo de fe negan?"
Non vos saben contestar.
E sólo dirán que intentan
coa relixión acabar
e coa igrexa, pois pretenden
meterse no seu caudal.

Pero se lles contestades:
"Non é reino temporal
o reino de Xesús Cristo",
comezan a desbarrar.
Dicen que os reises lles deron
dos seus bens a propiedá,
e que non pode a nación
o que o rei lles dou quitar.
Se lles facedes presente
que ben lles basta a metade
do que teñen, que o soldado
morre de necesidade,
diranvos que pagan eles
a prorrata cos demais,
como se tiveran fillos
e muller que alimentar.

Verédelos como feras
querer con ollos e mans
embestirvos e chamarvos
por último *liberás*.
¿E por que? ... Vós non falades
máis que dos bens temporais:
pois é por ese que chaman
*xacobinos* aos demais.
Eles queren ser señores

Mas si luego les preguntan,
"¿Y qué cosas hacen malas?
¿Qué artículo de fe niegan?"
Nunca contestan palabra.
Y sólo dirán que intentan
ver del todo destrozada
la religión, pues la bolsa
de los clérigos atacan.

Pero si se les contesta
que el hombre-Dios nos declara
